

SEGUNDO DE GRAO PROFESIONAL

PARTE I

PROBA DE PIANO

- Os aspirantes deberán interpretar tres obras completas de libre elección podendo ser unha delas un estudo. No caso de que unha obra teña varios movementos, deberánse interpretar todos.
- É obrigatorio a interpretación dunha das obras de memoria.
- Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais.
- Ademais o aspirante achegará dous xogos de fotocopias para o tribunal.
- O aspirante deberá presentar no momento do exame o DNI ou documento acreditativo.

Lista orientativa de obras. (Aceptarase calquera outra obra de similar dificultade e estilo).

Obras barrocas:

- Invencións a dúas voces, Bach

Obras clásicas:

- Sonatina nº 1, Variacións, Sonatas, Escocesas de Beethoven.
- Sonatas, variacións, Andantino KV. 236 de Mozart.
- Sonatas de Clementi.
- Sonatas de Haydn.

Obras románticas:

- Preludos de Chopin. (un).
- Mazurcas de Chopin.
- Pezas Op.72 de Mendelssohn.

- Romanzas sen palabras de Mendelssohn.
- Esceas de nenos Op. 15 de Schumann.

Obras modernas:

- Preludios Op. 34 de Shostakovich.
- Children`s Corner de Debussy.
- Follas de album de Albéniz.
- Danzas españolas de Granados.

PARTE II

1.- PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos de Grao Elemental e do primeiro curso de Grao Profesional.

CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** a dúas voces en compás regular dunha extensión de 8 a 16 compases, ata tres alteracións na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea, grupos de valoración especial regulares e irregulares. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos, o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso (nesta orde).
- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4ª en compás regulares e irregulares con aplicación das equivalencias.

- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía, ata 5 alteracións.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima de unha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

2.- PROBA DE CONXUNTO

1. Presentar tres obras a catro mans, alomenos de dous estilos diferentes, do listado correspondente ó curso 1º. Se interpretará só a parte de piano primo ou secundo, e sen acompañantes, é dicir, a só.
2. Realizar unha lectura a primeira vista dun fragmento proposto polo tribunal.

Esta listaxe de obras é orientativa, polo que poderán presentarse obras de similar dificultade.

COMPOSITOR/A

| COMPOSITOR/A | OBRA E OBSERVACIÓNS |
|----------------|--|
| A. Guinovart | Suite (“Si amanece nos vemos”), nº 4 |
| A. Chartreux | Pezas fáciles a 6 mans, nº 3, 5, 6 |
| F. Emonts | Danzas tradicionais, como p.ex. “Desmarets”, “Destouches”, etc. |
| F. Emonts | “Around the world” (unha das pezas) |
| H. Regner | 12 miniaturas para 6 mans (unha das pezas) |
| Wohlfahrt | O amigo dos nenos (unha das pezas, da 29 a 50) |
| G. Fauré | “Berceuse” da Suite “Dolly”, op. 56, nº 1 |
| S. Rachmaninov | Russian song, op. 11, nº 3 |
| G. Bizet | “The doll”, “Berceuse” do “Jeux d’enfants”, op. 22 nº 3 |
| F. Schubert | Valses nobles, op. 77 |
| Kuhlau | Sonatina op. 44, nº 1 |

3.- PROBA DE CORO

1.- Interpretar a só a parte correspondente de dúas obras do listado que se indica a continuación. Esta listaxe é orientativa e poderá presentarse un repertorio de similar dificultade. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, según o criterio do profesorado.

O alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2.- Ler a primeira vista un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior ó que opta o alumno.

| COMPOSITOR/A | OBRA E OBSERVACIÓNS |
|---|---|
| Br. Leontinus W.A.Mozart | Laudate dominun. . CANON Alleluia, exultate jubilate. CANON Surrexit. Christus hodie. CANON |
| M. Praetorius H. Beverle Estevan Salas J. Peri G. Faurè F. Meldelssohn Charles Gounod | Jubilate Deo. . CANON Kyrie Eleison. . CANON Un musiquito nuevo Nel Puro ardor (Euridice) Benedictus, ca. 1880 Auf Flügeln des Gesanges (Arr. a 4 v. mixtas). Messe brève in C (Kyrie, Gloria, Santus, Agnus Dei) Habanera (Don Gil de Alcalá). Xota dos ratas (A Gran Vía) Chotis do Eliseo (A Gran Vía) Mazurca das sombrillas (Luisa Fernanda). Meus Amores (Arr. a 4v. mixtas) Quen fora como o xazmín Ave María Guaraní (A Misión) |
| M. Penella F. Chueca y J. Valverde F. Chueca y J. Valverde F. Moreno Torroba S. Golpe C. Gustavino E. Morricone | |

